

COMPOSTELA MINI MAKER FAIRE

O pasado 17 de outubro Área Central acolleu a celebración, por primeira vez en Galicia, da **Maker Faire**, a feira de creadores e inventores máis grande do mundo. O evento contou con conferencias, obradoiros, mesas redondas ou workshops de artesanía.

Un **Maker** é un manitas, un creador ou una súa tradución máis literal, un facedor. Os *Makers* son curiosos, queren aprender, divertirse, mellorar, compartir, resolver un problema ou cumprir un soño.

Ademais de realizar os seus proxectos, compártennos *on line* con Makers de todo o mundo, o que permite unha innovación moito máis áxil. O movemento *Maker* baséase na cultura do **Do It Yourself (Faino ti mesmo)** e a aplicación dos principios do software libre á fabricación.

As ferramentas de fabricación dixital democratizáronse grazas ó desenrolo de espazos creativos compartidos e ó intercambio de coñecementos e información que se xera nestas comunidades profesionais.

